

DOMINGO XX ORDINARIO (B)

PRIMEIRA LECTURA (Prov 9, 1-6)

Lectura do Libro dos Proverbios

A Sabedoría construíu a súa casa, tallou as súas sete columnas; sacrificou as súas vítimas, mesturou o seu viño e preparou a súa mesa. Despachou as súas criadas a anuncia-lo convite polos altos da cidade: "Quen sexa inxenuo, que se achegue a min". E ós faltos de siso díxolles: "Vinde, comedo do meu pan e bebede do viño que mesturei, deixade a vosa inxenuidade e viviredes, camiñade pola vía da intelixencia".

SALMO RESPONSORIAL Sal 33, 2-3. 10-11. 12-13. 14-15

R/. (9a): **Probade e vede o bo que é o Señor.**

Bendigo o Señor en todo instante,
teño sempre na boca a súa loanza.
Eu gloriome no Señor:
que escoiten os humildes e se alegren.

Temede ó Señor os seus santos,
pois nada lles falta ós que o temen.
Os ricos empobrecen e pasan fame,
pero ós que buscan o Señor ningún ben lles faltará.

Vinde, fillos, escoitade:
ensinaréivo-lo temor do Señor.
¿Quen é o que desexa vivir,
o que arela días de prosperidade?

Garda a túa lingua do mal,
os teus labios de falas enganosas.
Arrédate do mal e fai o ben,
busca a paz, corre tras ela.

SEGUNDA LECTURA (Ef 5, 15-20)

Lectura da Carta do Apóstolo San Paulo ós Efesios

Irmáns: Mirade con tino como camiñades: non coma atolados senón coma sensatos, aproveitando ben este tempo, que corren días malos. Por iso, non sexades irreflexivos; ó contrario, tratade de comprender cal é a vontade do Señor. Non vos emborrachedes con viño, que leva á libertinaxe; en vez diso enchédevos de Espírito, falando entre vós con salmos, himnos e cánticos espirituais, cantando e salmodiando con toda a alma para o Señor e dándolle gracias decote a Deus Pai, por todo, no nome do noso Señor Xesús Cristo.

EVANXEO (Xn 6, 51-58)

Lectura do Santo Evanxeo segundo Xoán

Naquel tempo, díxolle Xesús á xente: - Eu son o pan vivo que baixou do ceo: se alguén come deste pan, vivirá para sempre; e o pan que eu darei, é a miña carne, para a vida do mundo. Discutían entón entre eles os xudeus: - ¿Como pode este darnos a come-la súa carne? Díxolles entón Xesús: - Con toda verdade volo aseguro: se non coméde-la carne do Fillo do Home e non bebéde-lo seu sangue, non teredes vida en vós. Quen come a miña carne e bebe o meu sangue, ten vida eterna e eu resucitareino no derradeiro día. Pois a miña carne é verdadeira comida e o meu sangue é verdadeira bebida. Quen come a miña carne e bebe o meu sangue, permanece en min e eu nel. Do mesmo xeito que o Pai que me mandou vive e eu vivo polo Pai, así tamén quen me coma vivirá por min. Este é o pan que baixou do ceo; non semellante ó que comeron os pais, que mesmo así morreron: quen come este pan, vivirá para sempre.